

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NA DEFENSA DA CIDADE DA CULTURA

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela, diante da polémica que cuestiona a continuidade do proxecto da Cidade da Cultura, declara que:

1.- Esta Corporación Municipal e os grupos políticos que a integran, apoian e defenden a conclusión da Cidade da Cultura con fidelidade ao proxecto arquitectónico aprobado pola Xunta de Galicia, do cal xa se executou o 60% do orzamento. Poñer en cuestión o remate dunha obra destas características oito anos despois do seu comezo e con máis da metade da construción concluída considerámolo extemporáneo e inxustificable.

2.- A Corporación Municipal de Santiago de Compostela considera, ademais, que o uso cultural do complexo da Cidade da Cultura é o que lle dá sentido ao proxecto, podendo convertela nun motor de desenvolvemento para Galicia. Neste sentido, o Concello de Santiago seguirá apoiando o proxecto da Cidade da Cultura para que teña a calidade que existe unha iniciativa destas características e contribuirá a que o complexo do Monte Gaiás se integre de xeito óptimo na cidade de Santiago e se relacione da forma máis eficiente posible cos grandes nodos de comunicación co resto de Galicia, España e Portugal.

3.- Esta Corporación agradece a defensa desta iniciativa por parte dos concellos veciños e das asociacións e corporacións que representan intereses económicos e cidadáns, e expresa o seu apoio aos sectores sociais que promovan a posta en valor da Cidade da Cultura, toda vez que é fundamental aproveitar este proxecto para os intereses de Santiago de Compostela como capital de Galicia e para a súa consolidación como gran destino turístico internacional, porta de entrada e símbolo de Galicia no mundo, así como a súa vontade de participación nos órganos que se creen para a defensa destes obxectivos.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2007

Polo grupo municipal do PSdG

Polo grupo municipal do BNG

Xosé A. Sánchez Bugallo

Néstor Rego Candamil

Polo grupo municipal do PP

Gerardo Conde Roa